

Venres, 20 de decembro de 2019

Núm. 244

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Persoal, oposicións

RECTIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DE VARIOS PROCESOS PERTENCENTES AO PLAN DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA CUBRIR AS NECESIDADES DE CARÁCTER ESTRUCTURAL E PERMANENTE NOS DISTINTOS CENTROS E SERVIZOS (CE20190)

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

O Deputado Delegado en materia de persoal, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita a seguinte

RESOLUCIÓN:

Ó abeiro do disposto no artigo 109 da lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das AAPP, e en virtude das facultades que me confire o art.61.12 de Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, resolvo rectificar a Resolución Presidencial de data 29 de outubro de 2019 (nº 2019018821), pola que se aproba a convocatoria de varios procesos pertencentes ai Plan de Estabilización de Emprego Temporal da Deputación de Pontevedra para cubrir as necesidades de carácter estrutural e permanente nos distintos centros e servizos, BOPPO nº210 de data 31 de outubro de 2019, no sentido que, *onde di (...)*:

“I. Unha praza de técnica ou técnico de Administración xeral, quenda libre (...)

Terceira. Condicións das persoas aspirantes

Ademais das condicións sinaladas na base cuarta das xerais as persoas aspirantes deberán posuír o título de grao ou licenciatura en Dereito, Económicas, Administración e Dirección de Empresas, actuario ou intendente mercantil, ou equivalentes, ou estar en condicións de obtelo o día en que remate o prazo de presentación de instancias.”



Venres, 20 de decembro de 2019

Núm. 244

Debe dicir:

“I. Unha praza de técnica ou técnico de Administración xeral, quenda libre (...)

Terceira. Condicións das persoas aspirantes

Ademais das condicións sinaladas na base cuarta das xerais as persoas aspirantes deberán posuír o título de grao ou licenciatura en Dereito, Ciencias Políticas, Económicas, Administración e Dirección de Empresas, actuario ou intendente mercantil, ou equivalentes, ou estar en condicións de obtelo o día en que remate o prazo de presentación de instancias”

Pontevedra, 17 de decembro de 2019

O deputado delegado. O secretario.

